

I TRIATLON  
**BOAMOFTE**

**SAN XENXO**  
4 - SETEMBRO

**DISTANCIA OLIMPICA SEN DRAFTING**



**TEAMCORBELO**



CONCELLO DE  
**SAN  
XEN  
XO**



# REGULAMENTO I TRIATLON BOAMORTE-BIKES SANXENXO 2016

## 1.- ORGANIZAN:

---

CLUB CICLISTA CORBELO  
"TEAM CORBELO"  
Email: [triatlonboamortebikes@gmail.com](mailto:triatlonboamortebikes@gmail.com)  
Facebook:  
Persoa de contacto: Tomas Basdedios Martínez  
Teléfono: 669 847 619  
Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno  
Lodeco S.L.U.

## 2.- PATROCINAN:

---

Deputación de Pontevedra  
Concello de Sanxenxo  
Boamorte-Bikes

## 3.- COLABORAN:

---

Garda Civil  
Servizo de Emerxencias Sanxenxo  
Policía Local de Sanxenxo  
Protección Civil Meis  
Coca Cola – Powerade  
Secretaría Xeral para o Deporte

## 4.- DATA E HORARIOS DA CARREIRA:

---

Domingo 4 de setembro de 2016  
- 09:00 h. - Saída Masculina  
- 09:10 h. - Saída Feminina  
Hora de finalización da proba: 13:00 horas aprox.

#### 5.- DISTANCIA:

Distancia ESTÁNDAR DRAFTING NON PERMITIDO  
1.5km de natación (2 voltas de 750m con saída á praia)  
40km en bicicleta (dúas votas a un circuío de 20kms)  
10km de carreira a pé (4 voltas a un circuío de 2,5km)

#### 6.- INSCRICIÓN:

**Do 20 de xuño ata o 30 de agosto ou esgotar inscricións**

**Limitada a 350 Participantes, outorgadas por rigorosa orde de inscrición completa.**

Non se admitirán inscricións incompletas ou fóra de prazo.

Todas serán confirmadas periodicamente na web [www.fegatri.org](http://www.fegatri.org)

#### **Prezos:**

30,00€ — do 20 xuño ata o 20 de xullo

35,00€ -- do 20 de xullo ata o 30 agosto.

#### **Procedemento de inscrición:**

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon <http://www.fegatri.org> no apartado "Competicións/Inscricións"

#### **Federados:**

No apartado da web, unha vez seleccionada a carreira, accederán coas claves das que dispoñen os clubs e independentes no apartado "inscricións" á dereita da mesma. A inscrición formalizarase co envío do pago a nome do club (no caso de deportistas que pertencen a un club) ou do deportista se fose independente (30€ - 35€ segundo a data da inscrición)

**\*Importante:** Na medida en que esta competición ten límite de prazas, aos clubs facturaráselles ao final de cada mes o total de inscritos que teñan, ou ao completarse o límite de prazas de ser o caso, co fin de considerar cada inscrición como completa e confirmar a praza.

### Licenzas 1 día:

Na web de FEGATRI, no apartado inscricións, accederase á carreira e introduciranse tódolos datos no formulario de inscrición que se abre á dereita, "**inscricións de licenzas de 1 día**". A inscrición formalizarase subindo copia do DNI á plataforma e enviando xustificante de pago ao seu nome ao fax 982-109800 ou ben ao email [fegatri@hotmail.com](mailto:fegatri@hotmail.com).

O custo da licenza de un día é de ( 12€ seguro+30€/35€ de inscrición) dependendo do prazo

**\*Importante:** As inscricións só se formalizarán co pago das mesmas, envío e validación da documentación correspondente

**Federados con licencia de outra comunidade.-** Que no hayan abonado la inscripción de participación en los circuitos, deberán enviar el formulario de solicitud de invitación que pueden descargar de la web de la Federación. A continuación indicamos el enlace

<http://fegatri.org/wp-content/uploads/2013/04/solciitute-invitacion-corredores-outras-comunidade1.pdf>

Una vez que la Federación autoriza la participación, el deportista procederá a la formalización de la inscripción enviando el justificante del ingreso de la cuota por fax 982109800 o mail [fegatri@hotmail.com](mailto:fegatri@hotmail.com)

Nº de conta da Federación Galega de Tríatlon:  
Banco Sabadell: ES37 0081 5223 16 0001338040

### 7.- DEVOLUCIÓN:

Ata o 20 de xullo devolveranse 15€

Dende o 21 de xullo ata o 20 de agosto devolveranse 10€

A partir do 20 de agosto NON HABERÁ DEVOLUCIÓN

As devolucións solicitaranse mediante email directamente á organización, ao enderezo [triatlonboamortebikes@gmail.com](mailto:triatlonboamortebikes@gmail.com) enviando nome, DNI e número de conta para a devolución.

### 8.- LISTA DE ESPERA:

No caso de cubrir as 350 prazas dispoñibles, a organización elaborará unha lista de espera por rigorosa entrada de solicitude que será actualizada para a súa consulta na [triatlonboamortebikes@gmail.com](mailto:triatlonboamortebikes@gmail.com).

Para se inscribir na lista de espera, unha vez esgotadas as prazas, bastará con enviar un email ao enderezo [triatlonboamortebikes@gmail.com](mailto:triatlonboamortebikes@gmail.com) con nome completo, DNI e club ao que pertence ou non federado, ademais de calquera outro dato de contacto relevante.



#### 9.- TEMPOS DE CORTE:

---

- **NATACIÓN:** 60 minutos. Ás 10:10

- **CICLISMO:** 150 minutos. Ás 11:40 o triatleta xa debe estar correndo.

Quen supere estes tempos de corte será retirado ou retirada da competición, non permitíndoselle seguir en carreira.

#### 10.-CRONOMETRAXE:

---

Haberá cronometraxe electrónica Champion-chip. Cada participante que non teña CHIP AMARELO en propiedade terá que aboar unha fianza de 25€, **o día da proba ao recoller o dorsal**, dos cales lle serán devoltos 23€ ao finalizar a proba e devolver o chip (2€ aluguer do chip) ou ben poderá quedarse co chip en propiedade co cal poderá participar en calquera proba de triatlón ou atletismo organizada co sistema de cronometraxe Champion-chip.

#### 11.- SAÍDA, TRANSICIÓN E META:

---

**Saída** na praia de Baltar (Portonovo)

**Transición.**- situada na zona do porto deportivo de Portonovo, entre a Praia de Baltar e a zona portuaria de Portonovo.

#### 12.- RECOLLIDA DE DORSAIS:

---

- Na zona de transición de 18:30 h. a 20:30 h, o día 3 de setembro.

- Na zona de transición de 07:15 a 08:15 o mesmo día, 4 de setembro

#### 13.- REUNIÓN TÉCNICA:

---

Ás 08:15h do día 4 de setembro na zona de transición.

#### 14.- CONTROL DE MATERIAL:

Na área de transición de 07:15 a 08:45 o día da proba (4 de setembro)

#### 15.- CATEGORÍAS:

ABSOLUTA  
JUNIOR  
SUB 23  
VETERAN1, 2 e 3

#### 16.- PREMIOS:

- Trofeos ou medallas para os tres primeiros clasificados/as de cada categoría
- Premios económicos:
  - 1º clasificados absolutos masculino e feminino 300 €
  - 2º clasificados absolutos masculino e feminino 200 €
  - 3º clasificados absolutos masculino e feminino 100 €

Tódolos participantes recibirán regalo conmemorativo da proba.

#### 17.- NORMAS DE COMPETICIÓN

A carreira rexeráse segundo a normativa vixente no "Regulamento Oficial de Competición" da Federación Española de Tríatlon e as normativas vixentes da Federación Galega de Tríatlon.

[http://triatlon.org/triweb/wp-content/uploads/2016/01/3.2016.FETRI\\_Competiciones.Reglamento-de-Competiciones.v.2016.pdf](http://triatlon.org/triweb/wp-content/uploads/2016/01/3.2016.FETRI_Competiciones.Reglamento-de-Competiciones.v.2016.pdf)

##### **Norma "No drafting"**

No sector ciclista prohíbese ir a roda de outro corredor, así como rodar en pelotón. (art.5.5 e art.3 do Regulamento Oficial de Competición).

##### **Norma anti-residuos**

Tódolos envases, bidóns de ciclismo, botellas, latas, papeis, etc. deberán ser depositados nos avituallamentos habilitados dando cumprimento ao Regulamento Oficial de Competición.

